

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE XANEIRO DE 2023.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e cinco de xaneiro de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición de centro de transformación, no núcleo rural 34.2 Muxa de Arriba-Eirexe, parroquia de Santa María de Muxa. (exp. 2020/Y001/000251) e para rehabilitación de edificio para uso de oficinas e administrativo, na rúa do Progreso número 27(2021/Y001/000217).

Tamén se acorda a denegación da licenza urbanística para instalación dun ascensor no edificio de vivendas sito na rúa Santiago, número 24 (2022/Y001/000161).

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a adxudicación na contratación do servizo para a redacción e achega da memoria programa necesaria para a declaración da contorna residencial de rehabilitación programada (ERRP) nos barrios da Milagrosa e Feixoo na cidade de Lugo, exp. ref. 2022/C003/000026.

**3. FOMENTO.-** Acórdase aprobar o Convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, o Concello de Lugo e Adif, para o desenvolvemento dunha nova área de transporte intermodal de Lugo e a súa contorna urbana, susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de desenvolvemento regional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2027.

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac2433883596787472569.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-1-2023

**4. PERSOAL.-** Acórdase a modificación de membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a prazas de ordenanzas, pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2018) e outra en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2017).

Tamén se acorda a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de celadores/as de colexio público pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2018).

Así mesmo, acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de enxeñeiro técnico agrícola, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (OEP 2020).

Acórdase a cobertura temporal por comisión de servizos do posto de xefe/a servizo de educación do Excmo. Concello de Lugo.

Tamén se acorda o compromiso de incorporación de dúas prazas de auxiliar administrativo na oferta pública de emprego deste Concello para o ano 2024.

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**